A subida no recibo da recollida de residuos é o resultado da toma de decisións unilaterais do Goberno central, como o imposto estatal sobre vertido e valorización; a orde ministerial que elimina a retribución que recibía Sogama pola planta termoeléctrica de Cerceda; ou o imposto estatal de produción de enerxía, que supuxeron un sobrecusto no último ano e medio de 39 €/tonelada.

Estas medidas, ademais, non se sustentan, como di o Goberno central, no cumprimento da Directiva europea 2018/851 de residuos, pois esta non obriga a establecer taxas nin impostos de lixo específicos.

De feito, hai dezaoito estados membros da Unión Europea que non están a aplicar os impostos ao vertido e valorización, ben porque entenden que non responden aos obxectivos previstos, ben porque solicitaron moratorias.

Así, o afán impositivo e recadador do Goberno central está a poñer en serio risco as contas dos concellos, dos cidadáns e dos propios xestores de residuos, como a empresa pública Sogama.

A isto engadirase, a partir do 10 de abril de 2025, unha nova taxa diferenciada, específica e non

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

deficitaria que os concellos se verán obrigados a establecer para gravar os servizos de xestión de residuos baseándose no volume de xeración de lixo.

Mentres o Executivo central non propón ningunha alternativa para aliviar os custos aos concellos que supoñen os novos impostos, a Xunta xa adoptou medidas para suavizar o seu impacto.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PP do Concello de Camariñas presenta a seguinte moción:

- Solicitarlle ao Goberno de España:

1. Respectar a autonomía municipal e recoñecer a liberdade dos concellos para establecer os seus propios tributos, permitindo que as entidades locais poidan aliviar a carga fiscal dos seus cidadáns.

2. Que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

3. Realizar un estudio do impacto pormenorizado que permita definir o custo por servizo.

4. Contribuír a sufragar as campañas de comunicación dos concellos dirixidas a incentivar a concienciación cidadá de compromiso coa separación de residuos e a reciclaxe para a consecución dos obxectivos comunitarios en materia de residuos.

- Solicitarlle á Xunta de Galicia:

1. *Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, demandar a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025."*

A Alcaldesa toma a palabra e di que a exposición de motivos sobra.

Don Sergio di que en todas as mocións nas exposicións de motivos atacamos ao partido contrario pero se queremos que vaian adiante deben facerse para que se podan aprobar. Non pode ser que o concello teña que recaudar cartos para a Xunta coma o canon. Pide como no anterior Pleno que se elimine a primeira parte da solicitude á Xunta de condicionar a que o goberno atenda as peticións.

Don Xurxo di que o problema é o modelo Sogama que quiso implantar a Xunta á forza. A reutilización e redución non existe. Os acordos que trae o PP son baleiros de contido e afirma que vai votar en contra.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

Votación

Votos a favor: 2

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Rexeitada.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE CAMARIÑAS CONTRA O DESMANTELAMENTO DA SEGURIDADE PRESERVADA POLA GARDA CIVIL NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Consta no expediente, a moción presentada pola representante do grupo municipal PP, en data 11 de novembro de 2024, rexistro de entrada 202499900000925.

(Sendo as 20:33 horas e estando coa lectura da moción por parte da voceira popular, retírase do Salón de Plenos Don Xurxo, reincorporándose as 20:34).

Rematada a exposición, procédése a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado:

Votos a favor: 11

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédese a lectura da moción que continuación se transcribe:

“ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE CAMARIÑAS CONTRA O DESMANTELAMENTO DA SEGURIDADE PRESERVADA POLA GARDA CIVIL NA PROVINCIA DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular de Galicia leva anos traballando para conseguir a igualdade de oportunidades entre todos os galegos, independentemente do seu lugar de orixe e de residencia, sexa esta en unha cidade ou no noso rural. Da mesma maneira, é unha premisa fundamental dos principios deste partido o compromiso firme coa seguridade cidadá, e o respaldo e respecto ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, moi especialmente á Garda Civil, que se encarga da seguridade nas áreas rurais, sendo o seu papel crave para o benestar dos veciños nestas áreas para o aseguramento dunhas condicións de vida que contribúan ao mantemento da poboación nesas amplas áreas rurais.

Lamentablemente, as políticas recentes do Goberno de España non están a ser eficaces para manter e acrecentar a seguridade dos cidadáns, xa que, segundo os últimos datos publicados polo Ministerio do Interior, no Balance sobre Criminalidade, a criminalidade no noso país segue aumentanto: “ no primeiro semestre do 2024, a criminalidade aumentou un 3%, pasando a taxa de criminalidade por cada mil habitantes de 43,9 puntos en 2017 a 51,7”.

En Galicia, desde a chegada de Pedro Sánchez á presidencia, a criminalidade aumentou de maneira preocupante. Segundo o último informe do Ministerio do Interior, as infraccións na Coruña subiron un 3%, cun notable incremento na cibercriminalidade (18,7%), subtracción de vehículos (8,2%), roubos con violencia e intimidación (6,4% e furtos (1,4%).

Este incremento non é casual: débese, en parte, ás políticas que favoreceron a impunidade en delitos como a ocupación, as agresións sexuais (coa Lei do “Si é Si ” ou a amnistía: a mensaxe que o goberno envía coas súas decisións é que cometer delitos non sempre ten as consecuencias penais que debese. A xestión económica do goberno, particularmente en relación coa a inflación, tamén agravou a situación económica e a combinación de todo iso propicia unha contorna de maior inseguridade e

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

criminalidade.

Nos pequenos municipios e áreas rurais, as dificultades existentes para atopar emprego, a menor dispoñibilidade de servizos e o aumento da inseguridade, agrava o despoboamento e a deterioración rexional. A Garda Civil ten como misión principal protexer estas zonas, especialmente as afastadas dos núcleos urbanos , asumindo competencias en seguridade cidadá. Con todo, os proxectos do Ministerio do Interior e do ministro Grande Marlaska son o peche de cuarteis, a redución de horarios e a eliminación de numerosos postos no persoal: a Orde Xeral 25/2023, do 28 de decembro, que regula as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil prevé o peche de varios postos auxiliares, incluíndo catro na Coruña:

- Somozas, Cariño e Touro: tres municipios rurais con menos de catro mil habitantes e con desafíos significativos en termos de despoboamento.

- A Pobra do Caramiñal: un municipio costeiro con menos de dez mil habitantes cun serio aumento das cifras de delitos cometidos.

O desmantelamento da Garda Civil en pequenos municipios e zonas rurais afecta gravemente á Coruña. Segundo unha resposta oficial do Goberno de novembro de 2023, “ os cuarteis na provincia só ofrecerán atención presencial ao público no horario de 9:00 a 14.30. Fóra deste período, a atención limitarase ás canles dixitais, como internet, vía telefónica ou a través da aplicación AlertCorps” Esta redución é incongruente coas necesidades das comarcas da provincia, que requiren unha presenza constante das forzas de seguridade debido á escaseza de recursos e a dispersión xeográfica. É imperativo que o Goberno manteña a presenza da Garda Civil en todos os municipios, especialmente nas áreas rurais, onde o seu recoñecemento da realidade local e comarcal é crucial para garantir a seguridade e protexer os dereitos e liberdades dos residentes.

Esta decisión do ministro do Interior é aínda máis preocupante se consideramos que, na Coruña, faltan 122 efectivos por completar o cátalogo de postos, 213 atópanse en baixa médica e que en toda a provincia unicamente existen 12 postos abertos as 24 horas, segundo a publicación do Ministerio do Interior:

- 5 compañías, 5 PAFIF, 7 postos principais, 3 postos auxiliares e 41 postos da Garda Civil.

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

• 1.833 efectivos activos na provincia, con 113 efectivos ocupados en situación de reserva, 213 en situación de baixa médica , o que fai un total de máis de 300 axentes ausentes e, xunto coas xubilacións producidas neste pasado ano, o número total de activos redúcese a 1.696 en setembro, segundo unha resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo GPP no Congreso.

Por último, non hai que esquecer en maio deste ano, o Grupo Popular Provincial presentou ante o pleno da Deputación unha moción a fin de que se celebrase unha reunión entre o Delegado do Goberno e os alcaldes da provincia, co obxecto de que se explicase o horizonte a medio prazo da Garda Civil no ámbito provincial, pero a iniciativa foi rexeitada co voto de calidade do presidente da Deputación, facendo inviable unha interlocución directa co máximo representante da Administración do Estado en Galicia.

Por todo iso, o Concello de Camariñas insta o Goberno de España a:

1. Reforzar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os postos da Garda Civil na provincia da Coruña, proporcionando recursos adicionais tanto en persoal como en medios materiais.

2. Establecer unha colaboración efectiva cos concellos da provincia da Coruña para asegurar a adecuada protección da seguridade cidadá.

3. Garantir a atención presencial nos cuarteis da provincia da Coruña durante as 24 horas do día para atender as necesidades dos cidadáns.

4. Evitar o peche de calquera posto na provincia da Coruña.

5. Reforzar de maneira urxente os Postos da Garda Civil en todas aquelas áreas que carecen de Policía Local.

6. Cubrir todas as prazas vacantes no catálogo de postos de traballo para a provincia da Coruña que actualmente están desocupadas.

7. Desenvolver un plan de incentivos profesionais e económicos para atraer axentes aos postos de baixa demanda no medio rural.

8. Utilizar urxentemente as vacantes do persoal en reserva sen destino aumentando a dotación de axentes na provincia da Coruña.”

Don Xurxo toma a palabra e di que só vai pedir tres cousas: primeira, desmilitarización do corpo; segunda, exercer as funcións estatutarias e terceira, Policía Autonómica.

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

A Alcaldesa di que o seu partido mandoulle outro argumentario sobre a situación da Garda Civil e que expón. En definitiva, para Camariñas, grazas a Subdelegación do Goberno, recuperamos que viñeran facer o DNI aqui. O cuartel da Garda Civil estiveron a punto de sacalo e quedou grazas a Subdelegada e Delegado do Goberno. Adherímonos ao Viogén. Que hai pouco persoal estamos de acordo, porque hai unha patrulla para dez concellos. Se na moción di algo deso estamos de acordo, co primeiro punto do acordo, respecto ao segundo xa temos colaboración.

Dona Paula di que nós apoiamos a función da Garda Civil e pedimos que se reforce.

Don Sergio propón sacar a exposición de motivos e deixar só o acordo e engadir o que pide Xurxo e así podemos apoiala, contestando Dona Paula que non están de acordo con Xurxo.

Non habendo nais debate procédese á votación co seguinte resultado

Votación

Votos a favor: 2

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Rexeitada.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE EMENDA AOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA.

Consta no expediente, a moción presentada pola representante do grupo mixto BNG, en data 14 de novembro de 2024, rexistro de entrada 202400000002977, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado:

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

Votos a favor: 11

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédese a lectura da moción que continuación se transcribe:

"**MOCIÓN DE EMENDA AOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA**

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Camariñas, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras analizar o Orzamento da Xunta de Galicia para o 2025 vemos que non contempla investimentos precisos para o noso Concello.

Primeiro.

A Consellería do Mar segue sen presupostar o remate da fachada marítima de Camariñas que levamos demandando desde o 2008.

Recordemos que no 2008, xusto despois do remate da segunda fase da fachada marítima de Camariñas, Portos de Galicia asinou un protocolo co Concello de Camariñas co fin de rematar a fachada. Rematar esta fachada marítima contemplouse como a única solución para eliminar o perigo que supón o estreitamento do vial entre o remate da estrada autonómica AC-432 xusto enfrente da Casa de Pedra e o inicio do paseo marítimo.

Co cambio de goberno da Xunta de Galicia e visto que pasaron tantos anos, presentámoslle ao Presidente de Portos de Galicia no ano 2022 o informe para a mellora da seguridade vial e prolongación do paseo marítimo na zona do Canzorro cun orzamento de 468.000,00 euros.

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

Ano tras ano este orzamento non aparece reflexado nos Orzamentos da Xunta de Galicia e consideramos que sí deberían estar.

Segundo.

A Consellería de Medio Ambiente e cambio climático segue sen presupostar investimentos para o saneamento no noso Concello.

Compre recordar que o 4 de decembro de 2008, cando se remataron as obras da depuradora de Ponte do Porto, o Conselleiro de Medio Ambiente do Presidente socialista Touriño anunciou que se ía licitar o saneamento de Xaviña, única parroquia sen un metro de saneamento no Concello, para o que se estimaba un orzamento de 3.040.014,92 €. Véxase o anuncio de La Voz de Galicia do 4/12/2008.

Co cambio de goberno da Xunta ao Partido Popular non se materializou esta licitación polo que lla comunicamos ao conselleiro de medio ambiente popular cando inaugurou a depuradora de Ponte do Porto. Véxase o artigo de la Voz de Galicia do 25/8/2010. A resposta sempre foi o silencio e seguimos durante estes anos demandando o saneamento en varias entrevistas en Augas de Galicia e no Parlamento de Galicia.

Na última entrevista con Augas de Galicia respecto a este tema rexeitaron a posibilidade de facer un saneamento integral en Xaviña e levar o saneamento a EDAR de Ponte do Porto e incitáronnos a instalar mini-depuradoras como a que se fixo recentemente e que financiou a Deputación da Coruña.

O caso é que este Concello precisa axuda para poder construir a rede de alcantarillado para achegar as augas residuais das casas de Xaviña a esta depuradora e outras máis que se precisarían.

Tamén cómpre recordar que os veciños do noso Concello pagan a Xunta de Galicia de canon de abastecemento de auga e saneamento unha cantidade anual de 200.000 euros anuais, que podían destinalos a este investimento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Camariñas presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal o seguinte **ACORDO**:

Único: Instar á Xunta de Galicia a dotar económicamente nos orzamentos autonómicos para o 2025 a cantidade de 468.000 euros para investir na fachada marítima de Camariñas e a cantidade de 200.000 euros para investir no saneamento de Xaviña.

En Camariñas a 14 de novembro de 2024.

Asinado: Sergio Caamaño Fernández

Voceiro do Grupo Municipal Socialista de Camariñas

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO CONCELLO DE CAMARIÑAS”

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

Dona Paula toma a palabra e di que non é serio presentar unha moción o día antes do Pleno. Se fora algo urxente vale, pero un tema como este está claro qeu non vos interesa o noso voto. Pregunta se hai un proxecto para o saneamento en Xaviña, contestando Don Sergio que presentaron unha memoria, igual que cando presentaran á Xunta coa que logo fixeron as depuradoras. Continúa Dona Paula decindo que verá esa memoria para que se poda traer unha moción conxunta.

Don Xurxo di que todas as emendas que se presentan aos orzamentos da Xunta son rexeitadas.

A Alcaldesa di esta emenda traémola todos os anos, ti fostes concelleira e tiñas que sabelo.

Dona Paula di que a fachada existe desde o ano 2008.

Don Sergio di que cando se fixo a segunda fase fíxose un protocolo para facer unha terceira fase.

Dona Paula di que non houbo consignación presupostaria e lle gustaría ver o proxecto.

A Alcaldesa aclara que o que demandamos é do Cansorro á punta da Carnicería.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 2

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

7º.- DECRETOS DA ALCALDÍA:

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta dos decretos asinados pola Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación. Do Decreto Nº 725/2024, do 24 de setembro ao Decreto 870/2024, do 11 de novembro.

8º.- DACIÓN DE CONTA DA RENDICIÓN 3º TRIMESTRE 2024

a) Informe do período medio de pago.

Os concelleiros danse por enterados.

b) Informe de morosidade.

Os concelleiros danse por enterados.

c) Dación de conta do estado de execución trimestral 3º trimestre 2024.

Os concelleiros danse por enterados.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

Dona Paula fai os seguintes rogos:

- Que se arranxe a estrada entre Camelle e Arou.
- Que se teña en conta o mal estado da vía de Brañas Verdes que vai á esquerda.
- Que se mande escrito á Federación de Fútbol comunicando o cambio de nome do campo de fútbol porque nas actas segue saíndo Hermanas Patiño.
- Que se inclúa a Camariñas no Parque de Megalitismo Costa da Morte.

Don Xurxo fai os seguintes rogos:

- Que se cree o Regulamento de Organización Municipal.
- Que se graven os Plenos e facelos públicos e accesibles as gravacións na páxina do Concello.

Dona Paula fai as seguintes preguntas:

- O día 7 de novembro estivestes coa Subdelegada do Goberno e dixestes que lle ibas trasladar a necesidade de máis gardas civís. Tes algunha novidade? A Alcaldesa contesta que vén entregar a maleta

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

MAVI da igualdade e falouse sobre ese tema e das pintadas na Estrada do Vilán, preguntou se houbo denuncias, que si houbo e manifestoulle que é un problema de todos lados e pedíu máis efectivos.

- En setembro ibades licitar o cemiterio, en que fase está? Don Sergio contesta que o prego técnico aínda non está acabado, engadindo a Alcaldesa que virá a Pleno e que hai que aprobar tamén un regulamento ou modificar o existente, aprobar unha ordenanza, que igual vai nun pleno extraordinario de decembro ou no de xaneiro.

- No decreto 2024/G003/0000748 fala que se está con trámites para licitar contratos, cales son?

A Interventora contesta que se contratou a informadora turística, socorristas de praia, o alumado. O que quere dicir o decreto é que os medios materiais son escasos.

Don Sergio engade que en contratación os medios humanos son a secretaria, a interventora, un administrativo e este concelleiro. Facemos o que podemos. En Tedec hai 48 expedientes de contratación. O de maior cuantía foi o da luz e ahora temos amparo xurídico. A prioridade ahora é o POS na Xunqueira e o tellado da Casa do Mar de Camelle.

Don Juan Carlos fai as seguintes preguntas:

- Hai queixas na rúa Gándara de Ponte do Porto polas obras da Deputación. Vós recibistes algunha?. Contesta a Alcaldesa que a única que tivo foi pola parada do bus fronte o Bar Desierto e ahora está no termo de Vimianzo, fronte a Tedín. Modesto tamén protestou pola praza de minusválidos porque estaba diante do seu bar. Outra queixa foi sobre o formigón e a rampla pero esta está en Cereixo. Ahora piden que se amplíe a da Ponte fronte o Eroski.

Don Juan Carlos pregunta se están contentos cos aparcamentos ou hai queixas. Contesta a Alcaldesa que se invertiron 700.000 €, como non van estar contentos, ao que Dona Paula di que independientemente da inversión, esta pode estar ben ou non, non ten que ver a cantidade. Continúa a Alcaldesa decindo que o único será a redución de aparcamento pero o paseo queda xenial. Entre a primeira e segunda fase lévase gastado 1.300.000 € onde a iluminación vai ser un antes e un despois para eses negocios, a zona axardinada para pasear, a calidade do paseo vai ganar anos luz.

Dona Paula di que Juan Carlos só preguntou se había protestas polo aparcamento, non tes que picarte, ao que a Alcaldesa responde como non von a picarme despois da inversión que se fai. A Xunta aquí non invertíu nada, se a Xunta gastara un millon de euros non iba criticar nada.

Don Juan Carlos di que quere que conste en acta que el non criticou a obra.

Don Xurxo formula as seguintes preguntas:

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

- A iluminación da ponte do Paseo vai solucionarse?, contestando a Alcaldesa que vaia mirar hoxe.

- Da chavola do Curro de Arou fixestes algunha denuncia? O concello debería poñelo en coñecemento da APLU. A Alcaldesa di que cre que xa está denunciado e que algo chegou da APLU.

- Os bancos do paseo de Area da Vila están rotos, ides arranxalos? A Alcaldesa di que irán miralos.

- As actas da Xunta de Goberno Local non lle chegan? A secretaria accidental toma a palabra para indicar que se envían á súa conta corporativa de camarinas.net. Di que a esa conta non accede e pide que se envíen á súa conta persoal.

- Cando se fixo a última desratización? A Alcaldesa contesta que hoxe e que viñeron o 24 de outubro tamén, antes iban unha vez ao mes e ahora pedín que viñeran cada quince días. Os veciños que vexan ratos deben avisar aquí e dáselle aviso a Nogal. Nas fincas deben limpar os donos.

- Hai medidas para esterilizar as femias dos gatos?. Dona Begoña contesta que cada día está chamando xente para pedilo e a Alcaldesa di qe se avise se saben dunha colonia porque se están esterilizando cada vez que avisan.

- Unha moción que presentara a principios do mandato de reparación integral da estrada de Ponte do Porto a Camelle e Arou, pedíuse á Deputación? A Alcaldesa contesta que van poñer varandas verdes e biondas e que vai ir nun POS de 600.000€, sempre tirando da Deputación.

- Que medidas ides tomar respecto ao abastecemento de Camelle? Porque na estrada vese perfectamente a rede e se incrementa a presión pode rebentar. Se a Deputación arranxa a estrada que arrenxe tamén iso.

- Tivéstedes algún contacto coa Consellería de Educación para cubrir o parque de Camelle? Contesta a Alcaldesa que na reunión con Indalecio dixo que o cubramos co POS porque o parque non é da Xunta e eles farían arreglos no Areal. Haberá que facelo co POS pero non este ano.

- As Rúa Fonte e Milleira ides arranxalas? A Alcaldesa contesta que está encargado o proxecto e a ver se vai no POS 2025.

- Hai problemas coas arquetas, límpanse? Contesta a Alcaldesa que os operarios estiveron tres semanas podando pero normalmente as limpan, engadindo Don Sergio que algunhas están deliberadamente tapadas por temas de olores.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:34 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria accidental da sesión, dou fe e certifico.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria accidental do Concello Mª Dolores Rey Bértola, co visto e prace da Alcaldesa Sandra Insua Rial.

CVD: sQoCc1u99fbs/nJ9H8vr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)